

XORNADA

# MERCEDES GOICOA: MÚSICAS, PARA VIVIR

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
Xoves, 25 de outubro de 2018



Na cultura popular galega, a expresión "dar trela" alude á confianza que unha persoa outorga a outra para falar abundante e libremente.

Concertista de piano, crítica musical, docente, arquivista..., Mercedes Goicoa (A Coruña, 1928) soubo dar trela ao seu tempo e talento para que estes tamén lle proporcionasen a experiencia, o autoconecemento, o legado, o medio de vida. A perseveranza no oficio da música levouna desde a súa cidade natal da Coruña a Madrid ou París; de recibir ensinanzas doutras músicas como Pilar Castillo Sánchez ou a súa tía Honoria Goicoa a compartir escena e formación con tan eminentes nomes como José Cubiles ou Lazare Lévy; das clases de piano que ofreceu a un numerosísimo alumnado á presidencia da Real Academia Galega de Belas Artes, sendo a primeira muller no Estado español en poñerse á fronte dunha Real Academia.

Quen interpreta un tempo, e non unicamente o executa, deixa unha porta aberta que nunca máis se volve pechar. A través da interpretación, a composición ou a produción, as profesionais da música de Galicia aprendemos a vivir conscientes do legado que como mulleres recollemos e achegamos para as seguintes xeracións. Desde a música, as músicas demos e damos trela ao presente para que este fale e viva, para que nós e as seguintes poidamos seguir falando e vivindo dela.

## PROGRAMA

Sesión da mañá

09:30 horas  
Presentación

### RELATORIO INAUGURAL

10:00 horas  
*Mercedes Goicoa Fernández: a achega dunha gran mestra*

**Maximino Zumalave Caneda**, director asociado da Real Filharmonía de Galicia  
Presenta: **Rosario Álvarez Blanco**, presidenta do CCG

11:00 horas  
Pausa

### SESIÓN CIENTÍFICA. NOVÍSIMAS

11:30 horas  
Relatorios e debate  
Presenta e modera: **Xose Ramón Pousa Estévez**, coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia do CCG, xornalista

*Influencias na miña formación por mor do xénero*

**Mónica de Nut**, cantora, actriz, música, mestra de música infantil

*Mulleres na tradición: as músicas invisibles*  
**Xulia Feixoó**, etnomusicóloga, percussionista

*Desmontando convencións. Unha reflexión sobre a miña vida de música*

**Lucía Martínez**, compositora, jazzista

*Muller, música e feminista? Reflexións á luz da miña experiencia*

**Belén Bermejo**, produtora, cantante, música, xurista

Sesión da tarde

### SESIÓN DE MEMORIA. PERSPECTIVAS

17:00 horas  
*Presentación da cartografía María de las Mercedes Goicoa Fernández no Álbum de mulleres*

**Mariám Mariño Costales**, técnica da Comisión de Igualdade do CCG

17:15 horas  
**Mercedes Goicoa** conversa con **María Xosé Porteiro e Uxía Senlle**

18:00 horas  
*Mesa de memoria e experiencias*  
Presenta e modera: **Manuel Quintana Martelo**, coordinador da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas do CCG, artista visual

Interveñen: **Maruxa Baliñas, Ángeles Feixoó, Laura Quintillán, Nanina Santos Castroviejo**

19:00 horas  
*Espazo sonoro*

**Alba María Rodríguez Díaz**, regueifeira  
- *Improvisación poético-musical: o verbo que estoupa*

**Federico Mosquera**, pianista, alumno de Mercedes Goicoa  
- *Novelette nº 8 op. 21* de Robert Schumann  
- *Homenaxe a Mercedes Goicoa*

19:30 horas  
Clausura  
**María Xosé Porteiro García e Alba María Rodríguez Díaz**, coordinadoras da xornada

## **ORGANIZA**

Comisión de Igualdade (CCG)

## **COORDINA**

María Xosé Porteiro García

Alba María Rodríguez Díaz

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

